

BANDO MUNICIPAL SAN XOÁN 2026

Celebración do San Xoán na noite do 23 ao 24 de xuño de 2026

O Concello pretende potenciar a cultura e as tradicións galegas, entre elas unha de grande arraigamento como é a celebración da noite do San Xoán, polo tanto publícase este bando que recolle as normas que regularán as diferentes actividades que se poderán realizar.

As **solicitudes deberán ser presentadas antes do venres 19 de xuño de 2026 no rexistro municipal ou mediante sede electrónica** indicando o lugar exacto da fogueira (as que se realicen con posterioridade non contarán con autorización municipal). A persoa asinante será a responsable da fogueira e do cumprimento de todas as normas recollidas no presente bando.

Fogueiras nun espazo público

As condicións nas que se poderá empregar o espazo público para a realización das tradicionais fogueiras do San Xoán son:

1. Na **praia dos Areos**, establécese como **única zona autorizada** para a realización das tradicionais fogueiras do San Xoán, **o tramo que vai dende a rampla ata a zona de duchas, no inicio do paseo dos Areos.**
2. Na **praia da Lombiña** poderán realizarse dúas fogueiras, unha na entrada e outra na contorna do campo de voleibol. De haber máis dunha solicitude para esta zona, as persoas organizadoras deberán poñerse de acordo, do contrario daráselle prioridade á primeira solicitude presentada no rexistro.
3. Na **praia dos Raposiños** poderá realizarse unha única fogueira. De haber máis dunha solicitude para esta zona, as persoas organizadoras deberán poñerse de acordo, do contrario daráselle prioridade á primeira solicitude presentada no rexistro.
4. As solicitudes para outros lugares onde se veñen celebrando de maneira tradicional serán atendidas individualmente e autorizadas ou non en función do risco que supoñan e da capacidade do Concello para realizar control sobre elas.
5. Quedan especificamente **prohibidas nas praias da Corna, A Illa e A Barca.**
6. Establécese as seguintes condicións para a realización das fogueiras:
 - a) **O horario de inicio** da actividade será a partir das **20:00 horas** do día 23 e deberá rematar antes das **03:00 horas** do día seguinte. Prohíbense



expresamente as fogueiras antes desta hora e especialmente en días de vento e temperaturas altas.

- b) As persoas responsables deberán facerse cargo da limpeza e recollida de calquera tipo de residuo. Na praia dos Areos completarase ao día seguinte coa limpeza mecanizada por parte de persoal do Concello.

Fogueiras nun espazo privado

As condicións para a realización das fogueiras do san Xoán en espazos privados son:

1. **O horario de inicio** da actividade será a partir das **18:00 horas** do día 23 e **deberá rematar antes das 03:00 horas** do día seguinte. Prohíbense expresamente as fogueiras fóra dos tramos horarios autorizados e especialmente en días de vento e temperaturas altas.
2. A solicitude deberá recoller a seguinte información:
 - a) Nome, apelidos e DNI da persoa solicitante e/ou da persoa responsable da fogueira (de non ser a mesma)
 - b) Un enderezo electrónico e un número de teléfono móbil de contacto, que deberá estar dispoñible en todo momento durante a celebración da fogueira.
 - c) Lugar exacto de realización da fogueira.

A realización de fogueiras en terreos particulares está permitida pola lexislación vixente durante o día 23 de xuño. Polo tanto o Concello procederá á súa autorización e comunicará ao distrito forestal o seu número e situación.

Normas comúns en espazos públicos e privados

1. Obriga de coñecer os teléfonos de emerxencias: 012 (Emerxencias) 085 (lumes forestais), 607467374 (Policía Local) e 636485078 (A.V. Protección Civil da Pobra).
2. A organización terá que acatar as normas ou instrucións que poidan ditar a Policía Local ou outras Forzas ou Corpos de Seguridade, Protección civil ou Bombeiros.
3. En todos os casos, os/as solicitantes serán responsables directos dos danos que puideran ocasionar a terceiros.
4. **O material combustible será de orixe vexetal. Non se poderán utilizar combustibles de orixe inerte (plásticos, gomas, espumas, pinturas, vernices, etc.) nin utilizar acelerantes (gasolina, gasóleo, disolvente, etc.) A madeira que se poida empregar non debe conter restos metálicos (como por exemplo puntas ou cravos), nin de vidro nin de calquera outro tipo que poida supoñer un risco ambiental ou non sexa totalmente combustible.**



5. Non se establece un tamaño máximo da fogueira, determinarase en función do espazo no que se realice, garantindo sempre a seguridade das persoas, dos bens inmobles e da vexetación próxima, así como calquera outro elemento susceptible de ser afectado polo lume ou a alta temperatura
6. Previamente ao inicio da fogueira, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica do material combustible nunha franxa de polo menos 5 metros de ancho, rodeando o perímetro que se vai queimar.
7. Non se abandonará a vixilancia da zona da fogueira ata que o lume estea totalmente apagado. Deberase ter á man medios adecuados para a extinción do lume (caldeiros de auga, area, extintores, manguera de auga, etc) .
8. Tamén é necesario cumprir coa normativa que regula a prevención de incendios:
 - a) Queda **prohibido** realizar lume en **solo rústico de protección forestal e de espazos naturais**.
 - b) Non se prenderá lume preto de masas forestais ou matogueiras (50 metros de distancia mínima) e establecerase unha distancia de seguridade con respecto ás edificacións, ás cablaxes eléctricas, a instalacións de calquera tipo ou vehículos que será proporcional ao tamaño da fogueira.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

A Pobra do Caramiñal, na data da sinatura dixital.

O ALCALDE

